

PEQUENOS CONSELLOS PARA **VIDEOCONFERENCIAS** EFICACES

COMPROBA



Valora **crear subgrupos** ou silenciar audio e vídeo cando os alumnos non precisen emitir para mellorar a calidade da reunión.

Estes servizos son moi sensibles á calidade das liñas e ao tráfico entre operadores.

ORGANÍZATE

- Vixía a iluminación da sala, o teu aspecto, **accede dende o principio con auriculares** e lembra que non precisas expoñerte constantemente.
- Dependendo do equipo e sistema operativo podes compartir escritorio e incluso cadernos onde facer apuntamentos.
- Se vas a utilizar unha folla de papel busca **rotuladores de grosor** e soportes para a cámara.
- Non compartas recursos multimedia dende a plataforma, facilita recursos previos na aula virtual para que os teus alumnos non acudan en branco ás reunións.



3, 2, 1... ACCIÓN



- Envía a convocatoria da reunión: data, hora, número de reunión e contrasinal a través de **medios privados e seguros** (a aula virtual, espazoAbalar, etc).
- Valora a puntualidade.
- Recomenda auriculares a todos os participantes sempre antes de acceder á sala.
- Que non vexas a todos simultaneamente, non significa que non estean presentes; emprega a frecha na zona de xanelas para acceder a todas as imaxes.
- Tenta que participen todos, con turnos de preguntas ao principio e ao final (neste tipo de docencia é fácil descolgarse).

PROBLEMAS?

- Nos equipos Edixgal descarga o paquete de actualización do navegador.
- Se te escoitas dobremente con eco, pode ser porque un alumno teña accedido á sala con dous dispositivos simultaneamente.
- Todo o profesorado recibiu na súa conta corporativa un correo para activar o servizo de videoconferencias. Se non o atopas ou caducou ponte en contacto coa Unidade de Atención a Centros: uac@edu.xunta.es.



ALGUNHA DÚBIDA?



- Canle de YouTube "EspazoAbalar"
- <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais/servizo-de-videoconferencia>
- Unidade de Atención a Centros: uac@edu.xunta.gal (para problemas técnicos).
- **Asesor abalar de zona**

ELES PRECISAN DA TÚA PRESENZA